

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

3652 *Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que terán que efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.*

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, ten como finalidade esencial incrementar a competitividade do sector agroalimentario español e reducir o desequilibrio nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea de valor; desta maneira, establece como ámbito de aplicación as relacións comerciais que se produzan entre os operadores que interveñen na cadea alimentaria, desde a produción á distribución de alimentos ou produtos alimenticios.

Resulta imprescindible que as autoridades dispoñan dunha información suficiente e completa que permita a toma de decisións para efectos de mellorar o funcionamento dos mercados; neste mesmo sentido, a mencionada lei crea o Observatorio da Cadea Alimentaria, entre cuxos fins se encontran o seguimento, o asesoramento, a consulta, a información e o estudo do funcionamento da cadea alimentaria e dos custos e dos prezos percibidos e pagados, así como os factores causantes da súa evolución.

Ademais, a lei formaliza a aprobación de códigos de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria con obxecto de posibilitar un maior equilibrio nas relacións comerciais.

O artigo 3.d) da Lei 12/2013, do 2 de agosto, sinala entre os seus fins «conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores, mellorando o acceso á información e rastrexabilidade da cadea alimentaria» e dedica unha especial atención ao sector lácteo, ao cal se refire de maneira expresa na súa disposición adicional primeira.

Tras a supresión das cotas lácteas, o Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, establece un sistema de declaracións mensuais que, ligado á obrigatoriedade dos contratos por escrito entre os primeiros compradores e os produtores no sector lácteo, permite dotar de transparencia os primeiros elos do sector.

As ditas declaracións, que deben efectuar os compradores e produtores de leite cru e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, derivan da normativa europea. Porén, considérase necesario que a información que deben declarar se amplíe aos fabricantes de leite líquido envasado de vaca, con obxecto de mellorar a capacidade de supervisión do mercado e evitar a realización de prácticas contrarias á lexislación de competencia, que redundan en prexuízo do consumidor. Dado que esas prácticas se ven favorecidas pola opacidade nas transaccións comerciais, a disposición dunha maior información por parte das administracións públicas, sempre garantindo a confidencialidade dos datos, contribuirá a disuadir os operadores da realización destas prácticas ilícitas. Ademais de mellorar a protección dos consumidores, estas obrigacións permitirán subministrar a información precisa que permita analizar o funcionamento dos mercados.

Conforme os principios reitores das relacións comerciais establecidos pola Lei 12/2013, do 2 de agosto, procede establecer unha nova norma que permita ás autoridades dispor dunha información completa e veraz acerca da evolución do mercado, estendendo a obrigación de declarar a outros elos da cadea, co fin de manter a rastrexabilidade e a transparencia que foron implantadas no sector a través da derogada regulación das cotas lácteas.

De igual maneira, esta mesma norma prevé, na súa disposición adicional primeira, que a Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) poida desenvolver, para

determinados sectores que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente considere oportunos, funcións relativas á xestión e ao mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise. En concreto, os números 5.a) e 6.a) da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, atribúen á AICA a xestión dos sistemas de información lácteos e o seguimento e a análise do mercado lácteo, en desenvolvemento dos fins antes mencionados a que se refire o artigo 3 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, e do cal este real decreto é desenvolvemento regulamentario.

Por outro lado, o Estatuto da AICA prevé entre as súas funcións o establecemento e o desenvolvemento do réxime de control necesario para a comprobación da documentación contractual.

Con obxecto de dispor dunha maior información sobre o mercado con todas as garantías de confidencialidade, que permita detectar e disuadir os operadores da realización de condutas anticompetitivas e que facilite unha análise máis adecuada e completa por parte das autoridades para efectos da toma de decisións tendentes a mellorar o funcionamento do mercado, establécese a obrigaición de presentar declaracións mensuais, coa información que se detalla no anexo, para todos os fabricantes de leite líquido envasado de vaca. Estas medidas, cuxo destinatario último é o consumidor, favorecerán a competencia, a eficiencia e a competitividade do sector lácteo.

Neste sentido, cabe diferenciar entre as funcións propiamente de control do mercado lácteo mencionado nos artigos 2.1.a) e 10.2 do Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o réxime de controis que debe aplicar a Axencia de Información e Control Alimentarios, das outras funcións que corresponden á AICA en materia control da cadea alimentaria e que afectan tamén o dito sector. Ben que se atribúen ao dito organismo público todas as funcións antes referidas, as primeiras vinculadas ao ámbito do artigo 151 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, están en suspenso, afectadas polo establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 66/2015.

O control das declaracións no sector lácteo por parte da AICA vén exixido na disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, nas súas letras a), b), e) e k) do número 6, e afecta todos os elos da cadea. Por outro lado, é conveniente incidir en que a rastrexabilidade previsible do leite fabricado polos obrigados supera o ámbito autonómico, xa que o leite é potencialmente posto á venda en toda a xeografía nacional. Para maior abastanza e derivado da estruturación empresarial do sector, existe un carácter supraautonómico xeral dos fabricantes de leite envasado, que é o que motiva que o control se leve a cabo desde a AICA pola propia natureza da actividade realizada, cuxa rastrexabilidade previsible sempre supera o ámbito autonómico, conforme o artigo 26 da mencionada Lei 12/2013. O dito control é compatible co que exercen as comunidades autónomas no seu ámbito de competencia.

Malia isto, aínda tratándose de funcións diferenciadas, o sistema de recollida da información debe ser uniforme e facilmente accesible a todos os operadores e poderes públicos. Para isto, intégrase no sistema de información do mercado lácteo previsto no Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, en desenvolvemento do artigo 151 do Regulamento (UE) 1308/2013, que afecta en exclusiva os produtores de leite cru, a información procedente dos fabricantes de leite líquido.

Dado o carácter sensible da información contida nas declaracións obrigatorias, establécense mecanismos reforzados que garantirán a confidencialidade e queda expresamente prohibida a súa cesión a terceiros. Só poderán ser obxecto de publicación os datos agregados resultantes da súa análise e tratamento. Trátase de información reservada, só accesible coas debidas garantías administrativas, para o cal se establecen as adecuadas cautelas sobre o manexo da información tanto para o FEGA no artigo 3 como para a AICA no artigo 4, a cal está especificamente protexida no Real

decreto 66/2015, do 6 de febreiro, antes citado, máis alá da protección do sixilo que con carácter xeral establece o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro.

No suposto de coñecemento do mínimo indicio de prácticas contrarias á competencia, porase en coñecemento inmediato da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Dada a situación de crise que atravesamos o sector lácteo na actualidade, considérase que concorren os motivos de urxencia que xustifican a súa adopción por parte do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 15 de abril de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

- a) Regular o sistema de declaracións obrigatorias que deben efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.
- b) Crear o Sistema de información de fabricantes de leite líquido envasado de vaca.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos de aplicación do presente real decreto, entenderase como:

a) Fabricante de leite líquido envasado de vaca: persoa física ou xurídica, calquera que sexa a súa nacionalidade e domicilio, que se dedique, en territorio español, á transformación, preparación e envasado de leite líquido de vaca, con indicación, ademais, do seu número de Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.

b) Leite líquido envasado de vaca: entenderase por tal o leite de consumo segundo o establecido no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

Así mesmo, terán a consideración de «outros leites de consumo» aqueles que fosen sometidos ás modificacións recollidas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013.

c) Sistema de información de fabricantes de leite líquido envasado de vaca: sistema unificado que recolle a información das declaracións obrigatorias dos fabricantes de leite líquido envasado de vaca e que estará integrado a través do seu correspondente módulo en Infolac.

d) Prezo: entenderase por prezo o prezo neto (sen IVE, no molle de fábrica, despois de aplicados todos os descontos, descontos por compras e promocións) do importe aboado imputable á transacción comercial.

Artigo 3. *Obrigación de declarar.*

1. Os fabricantes de leite líquido envasado de vaca deberán presentar nos primeiros vinte días do mes, ante o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), unha declaración mensual por cliente, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto, sobre o leite envasado comercializado no mes inmediatamente anterior.

2. A declaración mensual conterá, ao menos, a información establecida no anexo I e servirá para nutrir e crear o Sistema de información de leite líquido envasado de vaca. A dita declaración farase seguindo as instrucións do anexo II.

3. Os fabricantes de leite líquido envasado de vaca deberán conservar todos os documentos xustificativos das vendas correspondentes a un ano natural durante, ao

menos, dous anos contados a partir do final do ano a que correspondan. Esta documentación estará á disposición da autoridade competente e deberáse remitir cando esta o solicite co fin de comprobar a veracidade da información comunicada.

4. O FEGA incorporará a información contida nas declaracións a que se refire este real decreto, a través da aplicación informática Infolac.

5. A dita información será accesible para todos os órganos e organismos competentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como para os declarantes, neste caso para a información subministrada por eles, e sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

En todo caso, o tratamento da información terá estritamente en conta os criterios legais pertinentes sobre intercambio de información conforme o artigo 101 do TFUE e deberá, en todo caso, respectar o establecido na normativa comunitaria e nacional en materia de competencia.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente garante a confidencialidade dos datos subministrados polos declarantes e queda expresamente prohibida a súa cesión a terceiros. Só poderán ser obxecto de publicación os datos agregados resultantes da súa análise e tratamento. No suposto de coñecemento do mínimo indicio da existencia dunha posible concertación de prezos entre os operadores, porase en coñecemento da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 4. *Control.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da AICA, de acordo co previsto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, levará a cabo as actuacións de control documental necesarias exclusivamente para comprobar o cumprimento das obrigacións establecidas e para asegurarse da exactitude das declaracións recibidas, mediante a verificación dos datos no marco do Plan de control e inspección de actuacións da AICA, de que poderán ser obxecto os declarantes.

Esta información, que terá en todo momento carácter confidencial, non poderá ser utilizada pola AICA ou transmitida para ningún uso distinto do seu ámbito de actividade, sen prexuízo de que o FEGA e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente dispoñan dos datos para efectos da súa agregación para control do mercado e con suxeición á obrigación de confidencialidade establecida no artigo anterior do seu persoal e funcionarios, e, se for o caso, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A infracción de calquera dos deberes de segredo ou sixelo poderá ser constitutiva de falta administrativa grave, sen prexuízo de que, pola súa natureza, a conduta poida ser constitutiva de delito, de acordo co previsto nos artigos 7 e 8 do Real decreto 66/2015, así como no Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro.

Artigo 5. *Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria e rexistro estatal.*

Aqueles fabricantes de leite líquido envasado de vaca que incumpran o disposto neste real decreto non poderán adherirse ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria. Así mesmo, aqueles que, estando adheridos, incumpran a obrigación de declarar poderán ser suspendidos de forma temporal ou excluídos definitivamente da súa inscrición no Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís.

Artigo 6. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto no presente real decreto aplicarase o réxime sancionador establecido no capítulo 2 do título V da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, así como o establecido nos números 8 e 9 da disposición adicional primeira da citada lei.

En todo o non disposto nela, será aplicable o previsto na normativa estatal ou autonómica de aplicación.

Así mesmo, calquera medida introducida no presente real decreto non restrinxe nin coarta de ningunha maneira a liberdade de acción que, con base na normativa comunitaria e nacional en materia de competencia, dispoñen as autoridades de competencia para abrir, se for o caso, expedientes sancionadores se se producen actuacións que contraveñan a normativa citada.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o anexo e os prazos contidos na presente disposición cando sexa necesario para adaptarse ás modificacións derivadas da normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra.*

1. Engádesse unha nova letra d) no número 1 do artigo 3 do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, co seguinte texto:

«d) A información das declaracións obrigatorias de leite líquido envasado de vaca a que se refire o Real decreto 153/2016, do 15 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os fabricantes de leite líquido envasado de vaca.»

2. Modifícase o número 2 do artigo 3 do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, que queda redactado como segue:

«2. O Sistema unificado de información no sector lácteo quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que, a través do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), será o responsable do seu funcionamento coordinado e será xestionado de forma descentralizada polas comunidades autónomas na forma prevista no presente real decreto, salvo o disposto na letra d) do número anterior, que será xestionado de forma centralizada polo FEGA.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria.*

Substitúese a disposición transitoria única do Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, pola seguinte:

«Disposición transitoria única. *Xestión do Sistema unificado de información do sector lácteo.*

A xestión e a coordinación do Sistema unificado de información no sector lácteo e a análise das declaracións efectuadas polos obrigados a facilitar datos periódicos

no ámbito da xestión e do mantemento dos sistemas de información e seguimento do leite cru e do leite líquido envasado de vaca, mentres non se atribúa á AICA.».

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de abril de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO II

Instrucións para cubrir o anexo

1. Deberase cubrir un anexo por cada cliente e mes.
2. Na táboa de operacións realizadas reflectirase en cada liña o total de leite de cada tipo unitario de presentación e/ou marca e/ou tipo de envase, e reflectirase o prezo medio ponderado de todas as operacións realizadas en cada mes para esa forma de presentación e/ou marca e/ou tipo de envase.
3. Prezo (€) Indicarase o prezo neto (sen IVE, no molle de fábrica, despois de aplicados todos os descontos, descontos por compras e promocións) do importe aboado imputable á transacción comercial.
 - Indíquese o que proceda.
4. Outros leites de consumo: aqueles sometidos a algunha das seguintes modificacións:
 - Co fin de respectar os contidos de materia graxa fixados para o leite de consumo, a modificación do contido natural de materia graxa do leite mediante a retirada ou a adición de nata ou a adición de leite enteiro, semidesnatado ou desnatado; ES L 347/816, *Diario Oficial de la Unión Europea* do 20.12.2013
 - O enriquecemento do leite con proteínas procedentes de leite, con sales minerais ou con vitaminas, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello (1);
 - A redución do contido de lactosa do leite mediante a súa conversión en glicosa e galactosa.